



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

20 de agosto de 2008

Nº 20/08

METEOROLOXÍA

Unha vez pasada a influencia da borrasca que na semana pasada influía directamente a Galicia e que provocou precipitacións importantes, as máis intensas caídas na madrugada do 16 como se prevía, deixando ceos nubosos con baixa alternancia de claros, un debil anticiclón está entrando axiña aínda que lento situando a Galicia nuns valores termométricos e de estabilidade máis acordes co calendario. Nembargantes a nubosidade sigue sendo importante e as temperaturas tanto máximas como mínimas son moderadas, non superando as máximas valores de 24 °C na costa oeste e as mínimas sobre os 15° C. **Previsión:** O tempo vaise estabilizando por mor da entrada das altas presións desaparecendo pouco a pouco a nubosidade, tan abundante no período anterior. Non obstante manterase a probabilidade de ceos cubertos parcialmente, sobretudo no tercio Norte da comunidade, con posibilidade de choivas dispersas ata o principio da fin de semana, en que espérase unha clara melloría do tempo en toda a zona. As temperaturas en lixeiro ascenso, aínda que baixas para a época do ano.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

M₂(envero). O inicio da cora, apuntada no boletín anterior, xa se está evidenciando completa no momento de realizar este novo boletín. Dase como referencia a data posible de vendima para última semana de setembro, polo que existe retraso no ciclo vexetativo do viñado en relación cun ano medio.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu (*Plasmopara viticola*). As condicións meteorolóxicas acontecidas no período, destacando as precipitacións abundantes o pasado 15-16 de agosto, máis que as temperaturas reinantes, estas de menor influencia no desenvolvemento da enfermidade, provocaron que a sintomatoloxía da enfermidade siga supoñendo unha ameaza para o viñado, sobre todo nas follas novas da gomariza e dos anticipados. Non se prevé un ataque en acios neste momento, dado o proceso de maduración dos grans que está en marcha. Manterase o control da enfermidade no cultivo, evitando a infección das follas para non perxudicar a acumulación final de sucre nos grans de uva.

Oídio (*Uncinola necator*)

Aínda que os danos que se estiveron observando no período anterior son de pouca importancia, as condicións climáticas previstas neste período seguirán mantendo o risco real

infección da enfermidade, pero xa de pouca importancia dado o estado fenolóxico no que se atopa a vide(envero). Non obstante deberanse protexer aqueles viñedos que estiveron afectados coa presenza do fungo en anteriores xornadas, máis polo feito da influencia que pode ter sobre a posterior presenza de podremia gris.

Botrite ou podremia gris (*Botrytis cinerea*).

Por agora con incidencia escasa, aínda que empezan a notarse síntomas da enfermidade en determinadas parcelas, sobre todo naquelas con variedades máis sensibles (Treixadura, Caíño tinto, Godello) e en parcelas cos acios moi protexidos por masa foliar. A incidencia da enfermidade tenderá a ser maior e de máis importancia en acios se as condicións climáticas son favorables para elo, dado o próximo comenzo da maduración. Debe prestarse atención a partir de agora a calquera vía de entrada do fungo nos acios (archados por Oídio, danos por paxaros, rachados fisiolóxicos, choivas e humidade ambiental, ...) xa que en ciernes do comenzo da maduración favorecerán a entrada do fungo e será difícil detelo.

Mosquito verde (*Empoasca sp*). Os últimos tratamentos realizados no control da polilla diminuíu bruscamente as poboacións na meirande parte dos viñedos. A colocación de trampas cromotróficas amarelas nos bordes da plantación para facer o seguimento do nivel



sigue D. O. Rías Baixas

de presenza do cicadélido no viñedo é o recomendable para evitar danos nas follas. O umbral de tratamento recomendado é de 1 insectofolla de entre 50 observadas ao chou no viñedo.

Acariose (*Calepitrimerus vitis*) e **Araña roxa** (*Panonychus ulmi*). Continuar a vixianza xa que a predición meteorolóxica é de incremento moderado de temperaturas e redución de humidade e poden incrementarse as poboacións.

Recomendacións da semana

Frente o Mildeu, que terá tendencia a manifestarse so en folla, tratar con produtos de contacto ou con dobre acción "contacto" e "penetrante", pero actuando preventivamente inhibindo o fungo antes de que penetre na planta. Debido ás condicións meteorolóxicas acontecidas na fin de semana pasada, os viñedos deberían estar xa protexidos cun produto de contacto feito con anterioridade á última choiva infectante. Esta aplicación fitosanitaria nos viñedos no estado fenolóxico de envero, debe contemplarse como a última da campaña. Soamente os viñedos algo mais retrasados poderían plantexar outro tratamento transcurridos 12 días dende o anterior, sempre que as condicións climáticas supoñan un claro risco de infección. Os preparados deberán seleccionarse en base a cobre ou cobre-orgánico (en viñedos en inicio da cora e en variedades sensibles á botrite recoméndase

Co+Folpet, buscando o dobre efecto antimildeu-antibotrite).

Para os viñedos mais adiantados e xa con tratamento antipodremia, pódense utilizar cobre mixturado con outros compostos orgánicos. Deberá asegurarse a completa e total impregnación das partes vexetativas da vide, incluídas as puntas da gomariza.

Os viñedo en estado fenolóxico máis retrasado do considerado medio neste boletín, mesturarán xofre co anterior tratamento para aproveitar o control dun posible ataque de Oídio.

Para prevenir a Podremia gris, contando co estado fenolóxico actual de envero, recoméndase un tratamento dirixido exclusivamente cara os acios con produtos específicos (Contacto: Fenhexanida, Iprodiona; Penetrantes: Boscalida, Pirimetanil, Mepanipirim; Sistémicos: Metil-tiofanato). Debe prestarse atención aos prazos de seguridade nos últimos tratamentos previstos co obxecto de evitar residuos na uva.

Vixiar a presenza de Cicadélidos, especialmente nas plantacións máis novas, observando o envés das follas máis sombreadas. No caso de superarse o umbral sinalado realizar un tratamento insecticida (Clorpirifos,...). Mediante o uso de trampas cromotróficas amarelas vixiarase a presenza de *Scaphoideus titanus*, sobre todo nos viñedos das comarcas limítrofes con Portugal.

DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

O cultivo sigue acumulando certo retraso no seu ciclo produtivo respecto ao ano pasado. Ademais e de xeito xeral, estímase que as condicións meteorolóxicas desfavorables acaecidas durante a fase de floración causen unha redución na colleita imposible de cuantificar na fase en que se atopa o cultivo.

Estado fenolóxico medio

Na D.O. do Ribeiro predomina o estado de inicio de envero (**M1**). Nas outras tres está entre o estado de pintor e o de envero. En xeral, a fenoloxía é irregular debido ás condicións desfavorables que se produciron na fase de callado, o que provoca que ata no mesmo acio haxa diferencias salientables na fenoloxía. Unha porcentaxe non cuantificada de acios non van a alcanzar o estado de maduración.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Apareceron novas manchas de Mildiu nos brotes novos. Non hai constancia da presenza da Podremia gris ou Botrite.

A partir deste estado fenolóxico a presión do Mildiu e o Oídio redúcese considerablemente, polo que a incidencia destas enfermidades será moito menor que nas derradeiras semanas. A partir do pleno envero a incidencia do Oídio é nula.

Ausencia de síntomas de ataques provocados por pragas.

Recomendacións da semana

De renovar o tratamento fronte a Mildiu, caso de que as defoliacións provocadas polo fungo poidan comprometer a colleita, soamente se



segue DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

fará con materias de contacto a base de cobre. Se a densidade de manchas é alta, é aconsellable aplicar un tratamento dirixido aos brotes para limitar a infección.

Débase ter en conta que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a Botrite, o estado fenolóxico de inicio do envero (M1) é apropiado para facelo.

HORTA nas Rías Baixas

Estados fenolóxicos medios

TOMATE (invernadoiro): recolección.

PEMENTO: recolección en invernadoiro e en campo.

XUDIA (invernadoiro): plantación do 2º ciclo.

XUDIA (aire libre): recolección.

COLES (exterior): varios ciclos en función da data de plantación. Deberían estar feitas as plantacións para a produción de inverno das brassicas, coles e zenorias.

LEITUGA (exterior): varios ciclos en función da data de plantación.

CEBOLA: recolección.

PATACA. Ciclo tardío: engrosamento de tubérculos.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu en Tomate (*Phytophthora infestans*). En cultivos en campo, presisten as condicións para a infección.

Oidiopse en Pemento (*Leveillula taurica*). Seguen observándose algunhas explotacións síntomas de Oidiopse en Pemento baixo abrigo.

Enfermidades de cano. Mantéñense os síntomas de problemas de fungos no sistema radicular e cano nalgúns cultivos hortícolas, principalmente no caso de *Fusarium solani* en Tomate e Xudía, tanto en invernadoiro como ao aire libre, así como no de *Fusarium sp.* en Leituga.

Araña vermella (*Tetranychus urticae*). No cultivo de Xudía en invernadoiro hai algunhas explotacións con forte infestación de Araña vermella. No caso de que se levanten os cultivos afectados de 1º ciclo de plantación, deberase sacar a ramaxe e limpar calquer resto da mesma para que non se conserven as poboacións no seguinte cultivo, tratándose este nos primeiros estadios antes da súa instalación.

Trips (*Frankliniella occidentalis*). Sobre todo no cultivo de Pemento, obsérvanse poboacións do insecto.

Mosca branca (*Trialeurodes vaporariorum*).

Sobre todo no cultivo de Tomate obsérvanse importantes poboacións de mosca branca en tódolos estadios de desenvolvemento. O umbral de tratamento da praga é de 1 adulto/folla, con nivel de parasitismo menor do 25 %, e nº de follas ocupadas maior do 50% ou coa presenza de negrilla nas follas e ramalletes.

Ácaro branco en Tomate

(*Polyphagotarsonemus latus*). Nalgunhas explotacións obsérvanse sintomatoloxía da praga cun aspecto bronceado da vexetación, recomendándose confirmar a súa presenza cunha lupa de 25 aumentos mínimo.

Nemátodos (*Meloydogine sp*). Nas últimas datas aumentaron significativamente os nódulos provocados por nemátodos nas raíces dos cultivos hortícolas. Nas plantacións que se renovan en invernadoiro, principalmente Tomate e, sobretudo, Xudía, deberán prevelo no caso que se comprove a presenza deste parásito ao arrancar o cultivo precedente.

Recomendacións da semana

Os invernadoiros con problemas fitopatolóxicos no chan (nemátodos e fungos) que vaian ser utilizados nun novo cultivo, necesitan recuperar a saúde do mesmo. Para elo recoméndase realizar unha **biofumigación** do solo antes de realizar a nova plantación. A biofumigación consiste no enterrado de abonos orgánicos no chan á dose duns 8 kg/m², previamente preparado e limpo de restos de colleita. Unha vez incorporados e enterrados os restos orgánicos, dase unha rega copiosa, que sature o solo de auga en toda a superficie, e acólchase durante 3-4 semanas para provocar unha forte fermentación das materias orgánicas, tóxicas para os patóxenos, á vez que se aumenta a Tª por solarización, provocando un efecto añadido contra aqueles. Pero o maior éxito desta técnica radicarán no



PATACA en A LIMIA e noutras zonas da provincia de Ourense

A información que se proporciona corresponde á comarca da Limia. No resto da provincia o ciclo do cultivo vai moito máis adiantado, chegando nalgunhas zonas á fase de colleita. Non hai incidencias fitosanitarias salientables.

Estado fenolóxico do cultivo

Variable. A fase predominante é a de ENGROSAMENTO DE TUBÉRCULOS, incrementándose a superficie do cultivo que entra na fase de MADURACIÓN de tubérculos.

Incidencia de pragas

Ningunha.

Incidencia de enfermidades

Mantéñense os ataques de Mildeu nalgunhas

parcelas, propiciados polas néboas matinais, especialmente nas parcelas mal ventiladas e onde se aplican regas.

Tratamentos recomendados

Manter protexido o cultivo fronte ao Mildeu.

Nas parcelas coa vexetación totalmente desenrolada, recoméndase un tratamento con materias activas de carácter penetrante ou sistémico.

Non espaciar mais de 12 días os tratamentos antimildeu.

Recoméndase facer un tratamento preventivo contra o pulgón, xa que estamos nunha época onde se producen os maoires ataques de pulgón.